

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Resolución do 29 de outubro de 2008 pola que se fai pública a concesión de axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, convocadas pola Orde do 27 de maio de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 111, do 10 de xuño).

A Orde do 27 de maio de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 111, do 10 de xuño), aprobou as bases e convocou as axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, para o ano 2008.

O artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece a obrigatoriedade de publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, das subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

En consecuencia,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432A. 770.0. Grandes proxectos editoriais.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Grandes proxectos editoriais		
<i>* Edicións Xerais de Galicia, S.A.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Guía de Galicia</i>	498,59 €	547,11 €
Autor: Xosé Miranda		
Leandro Carré Alvarellos	638,20 €	700,30 €
Autor: Xosé Manuel Maceira Fernández		
Total editorial	1.136,79 €	1.247,41 €
<i>* Editorial Galaxia</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Historia do deporte</i>	341,44 €	374,66 €
Autor: Andrés Almansa		
<i>Danzas do mundo para todos</i>	1.563,58 €	1.715,74 €
Autor: Javier Jurado		
Completa de Luis Pimentel	1.424,46 €	1.563,08 €
Autor: edición de Araceli Herrero Figueroa		
Total editorial	3.329,48 €	3.653,48 €
<i>* Fausto Deseño Asociados, S.L.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Rosalía de Castro: Poesía completa ilustrada</i>	6.989,53 €	7.669,72 €
Autor: varios autores		
Total editorial	6.989,53 €	7.669,72 €
<i>* Hércules de Ediciones, S.L.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
Tomo LVI- <i>Heráldica III: século XVII</i>	8.800,86 €	9.657,32 €
Autor: investigadores da Asociación de Xenealoxía, <i>Heráldica e Nobiliaria de Galicia</i>		

Grandes proxectos editoriais		
Tomo LIV. <i>Heráldica I: séculos XII ao XV</i>	8.478,32 €	9.303,39 €
Autor: investigadores da Asociación de Xenealoxía, <i>Heráldica e Nobiliaria de Galicia</i>		
<i>Galicia para soñar: Semana Santa III</i>	4.008,77 €	4.398,88 €
Autor: José Luis Ageitos Migueis e outros		
<i>Galicia para soñar. Semana Santa II</i>	4.008,77 €	4.398,88 €
Autor: Francisco Manuel López Martínez e outros		
<i>Proxecto Galicia tomo LV. Heráldica II: século XVI</i>	8.478,32 €	9.303,39 €
Autor: Investigadores da Asociación de Xenealoxía, <i>Heráldica e Nobiliaria de Galicia</i>		
<i>Galicia para soñar. Semana Santa I</i>	4.008,77 €	4.398,88 €
Autor: Clodio González Pérez e outros		
<i>Mosteiros e conventos de Galicia. Tomo II</i>	4.008,77 €	4.398,88 €
Autor: varios autores		
<i>Mosteiros e conventos de Galicia. Tomo III</i>	4.008,77 €	4.398,88 €
Autor: varios autores		
<i>A grande obra dos camiños de Santiago: Camiño Primi</i>	5.805,80 €	6.370,80 €
Autor: Ricardo Polín e outros		
<i>A grande obra dos camiños de Santiago: Camiño Nort</i>	5.805,80 €	6.370,80 €
Autor: José Ignacio Ruiz de A Peña		
<i>A grande obra do camiño de Santiago: Camiño Nort I</i>	5.805,80 €	6.370,80 €
Autor: José Ignacio Ruiz de A Peña		
<i>Proxecto Galicia tomo LVIII. Heráldica V.</i>	8.800,86 €	9.657,32 €
Autor: investigadores da Asociación de Xenealoxía, <i>Heráldica e Nobiliaria de Galicia</i>		
<i>Proxecto Galicia tomo LVII. Heráldica IV. S. XVIII</i>	8.800,86 €	9.657,32 €
Autor: investigadores da Asociación de Xenealoxía, <i>Heráldica e Nobiliaria de Galicia</i>		
Total editorial	80.820,47 €	88.685,54 €
<i>* Ir Indo Edicións, S.L.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Humor gráfico galego, da transición ao século XXI</i>	4.416,67 €	4.846,48 €
Autor: Alberto Pascual Carballo		
<i>Galicia, aproximación á súa historia, ...</i>	3.009,16 €	3.302,00 €
Autor: Xesús Domínguez Dono		
<i>Galicia, xeografía-historia e cultura</i>	2.184,07 €	2.396,61 €
Autor: Celia Ameneiro Bravo		
Total editorial	9.609,90 €	10.545,09 €
<i>* Nova Galicia Edicións, S.L.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Laxeiro 1908-2008</i>	20.177,23 €	22.140,79 €
Autor: varios autores		
Total editorial	20.177,23 €	22.140,79 €
<i>* Promocións Culturais Galegas, S.A.</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>Galicia, auga e pedra</i>	3.101,64 €	3.403,47 €
Autor: varios autores		
<i>Galicia, O camiño do sol</i>	3.101,64 €	3.403,47 €
Autor: Adela Leiro		
<i>Petroglifos de Galicia</i>	3.721,96 €	4.084,17 €
Autor: Antonio de la Peña Santos e Xulio Gil		
<i>Plantas medicinais de Galicia</i>	3.101,64 €	3.403,47 €
Autor: Marisa Castro e outros		
<i>Dicionario de surrealismo</i>	1.654,21 €	1.815,19 €
Autor: Xesús González Gómez		
<i>Crónica do exilio galego</i>	1.240,65 €	1.361,39 €
Autor: varios autores		

Grandes proxectos editoriais		
<i>Pioneiros da aviación en Galicia</i>	1.240,65 €	1.361,39 €
Autor: varios autores		
Total editorial	17.162,39 €	18.832,55 €
* <i>Sotelo Blanco Edicións</i>		
Título	2008-47,68%	2009-52,32%
<i>O Refraneiro do Fisterra Galego</i>	1.612,72 €	1.769,67 €
Autor: Manuel Quintáns Suárez		
Total editorial	1.612,72 €	1.769,67 €
Totais	140.838,51 €	154.544,25 €

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Resolución do 20 de novembro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fan públicos, entre outros acordos, a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición da escala de axudantes de arquivos.

En sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2008, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 175, do 10 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008),

ACORDOU:

Primeiro.-Modificar a cualificación de María Cristina Bañobre Fraga no primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, publicada por resolución deste tribunal do 29 de outubro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro), quen, tras revisar o dito exercicio, obtén unha puntuación de 11,25 puntos.

Segundo.-Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada de acordo cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Facer público que, de conformidade co disposto na base III.9 da convocatoria, o segundo

exercicio da fase de oposición da escala de axudantes de arquivos terá lugar o día 4 de decembro de 2008, na aula 11 da Escola Galega de Administración Pública (Santiago de Compostela), en chamamento único que se iniciará ás 11.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Para realizar este exercicio os opositores deberán escribir con bolígrafo de tinta azul e poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluídos os libros de consulta. Os textos legais non poderán estar subliñados nin conter ningún tipo de anotación.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2008.

Pablo Sánchez Ferro
Presidente do tribunal

Resolución do 20 de novembro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio da fase de oposición da escala de axudantes de museos.

En sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2008, o tribunal nomeado pola Orde do 8 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, convocado pola Orde do 23 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro), acordou, de conformidade co disposto na base III.9 da convocatoria, que o segundo exercicio da fase de oposición da escala de axudantes de museos terá lugar o día 4 de decembro de 2008, na aula 12 da Escola Galega de Administración Pública (Santiago de Compostela), en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Para realizar este exercicio os opositores deberán escribir con bolígrafo de tinta